



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

RESOLUCIÓN da Secretaría Xeral de Universidades do 8 de xullo de 2015 pola que se informa favorablemente a fase de estadia, segundo o disposto na Orde do 17 de outubro de 2012 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade A, do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2012, e se procede á súa convocatoria.

A Orde do 17 de outubro de 2012 (DOG Núm. 205, do 26 de outubro) establece as bases polas que se rexerá a concesión das axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2012, en réxime de concorrencia competitiva. No anexo I da dita orde recóllese a modalidade A destas axudas, e establece no artigo 6 que as persoas contratadas polas universidades do SUG deberán obter unha avaliación positiva e realizar un mínimo de 21 meses nesta fase para poder acceder ao contrato na fase de retorno.

De acordo co Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, as competencias en materia de investigación universitaria correspóndenlle á Secretaría Xeral de Universidades.

De acordo coas directrices emanadas da Instrucción 3/2014, pola que se inicia o procedemento de avaliación do rendemento na fase de estadia do persoal investigador contratado polas universidades do SUG, ao abeiro do programa de axudas á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade A, para o ano 2012, os servizos técnicos da Secretaría Xeral de Universidades avaliaron a documentación remitida polas universidades beneficiarias respecto as persoas contratadas.

Unha vez rematado o proceso e de acordo co informe dos servizos técnicos, a Secretaría Xeral de Universidades,



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

RESOLVE:

Declarar que as persoas investigadoras indicadas a continuación acadan unha avaliación positiva da fase de estadía, conforme o establecido no artigo 6 do anexo I da Orde do 17 de outubro de 2012 e coa Instrucción 3/2014, do 4 de decembro, o que lles posibilitaría acceder ao contrato da fase de retorno.

IN. EXPEDIENTE	UNI	1º APRENDIZO	2º APRENDIZO	NOVELA	LEITURA
POS-A/2012/104	USC	Rodríguez	Tajes	Carme	*****017Q
POS-A/2012/184	UVIGO	Ferrero	Vaquero	Victoria	*****482R
POS-A/2012/038	USC	Fernández	Nieto	Fernando	*****254Y
POS-A/2012/181	UVIGO	Estévez	Guiance	Laura	*****896C

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes que contará desde o día seguinte á súa notificación, e sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2015


José Alberto Páez de Castro